



VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA DA ESCOLA

Curso 2024-2025

Esta iniciativa do Programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS (Resolución do 10 de decembro de 2015 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) ten como obxectivo converter bibliotecas escolares nun espazo de convivencia e exercicio de cidadanía ademais dun punto de acceso aos recursos culturais.

Convidámosvos a formar parte dun **grupo de colaboradores que de forma voluntaria participan na xestión e organización da biblioteca, así como en actividades de extensión cultural ou formación de usuarios.**

Queres participar? Cubre a solicitude de alumnado colaborador da biblioteca na conserxaría da Escola e entrégaa antes do **30 de outubro** (o alumnado participante no programa o curso pasado terá prioridade). Recibirás un certificado de recoñecemento das horas adicadas expedido pola Consellería de Educación.

COMPROMISOS DA BIBLIOTECA

- Establecer un calendario de tarefas e supervisar o traballo dos voluntarios.
- Facilitar unha formación básica ao alumnado colaborador.
- Outorgar unha certificación de recoñecemento do traballo realizado (mínimo 15 horas durante o curso 2024/25).
- Achegar a cada voluntario unha acreditación que o identifique como tal.

COMPROMISOS DOS VOLUNTARIOS

- Realizar as actividades de colaboración acordadas co Equipo da Biblioteca.
- Participar nas actividades formativas.
- Actuar de forma responsable, eficaz e solidaria.
- Respetar os dereitos das persoas integrantes da comunidade escolar.
- Coidar e facer bo uso dos materiais e recursos da biblioteca.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

- Compromiso solidario e interese nas bibliotecas escolares.
- Referencias positivas por parte dos profesores da Escola.
- Certa flexibilidade horaria para traballar co Equipo da Biblioteca.

A biblioteca da Escola é de tod@s!



SOLICITUDE DE VOLUNTARIADO

Nome e apelidos:

DNI e data de nacemento:

Idioma (s) que estuda na EOI:

Niveis nos que está matriculado/a:

Grupo(s) nos que está matriculado/a (Especifique hora e días):

Profesor/a titor/a:

Enderezo electrónico:

Teléfono (s) de contacto:

Días e horas nos que estaría libre para participar no programa de voluntariado (se é posible, poña varias opcións para facilitar a distribución das horas, aínda que só terá que adicar una hora semanal):

Describa **brevemente** por que está interesado/a en colaborar na biblioteca: